

Normas Técnicas

NORMAS TÉCNICAS DA PRODUCCIÓN AGRARIA ECOLÓXICA PARA A RECOLLEITA DE PRODUCTOS SILVESTRES.



COPIA CONTROLADA: Non Si : nº ____ Asignada a: _____ Data: _____

NORMAS TÉCNICAS DA PRODUCCIÓN AGRARIA ECOLÓXICA PARA A RECOLLEITA DE PRODUCTOS SILVESTRES.

MODIFICACIÓNS RESPETO A EDICIÓN ANTERIOR:

- Actualizase o apartado 3 - Referencias

Elaborado pola Dirección Técnica

Revisado e aprobado polo Presidente:

NORMAS TÉCNICAS

NORMAS TÉCNICAS DA PRODUCCIÓN AGRARIA ECOLÓXICA PARA A RECOLLEITA DE PRODUCTOS SILVESTRES.



ÍNDICE:

- 1.- OBXECTO
- 2.- ALCANCE
- 3.- REFERENCIAS
- 4.- REALIZACIÓN
 - 4.01.- Normas Técnicas para a recolleita de plantas e froitas silvestres.
 - 4.01.01 Recolleita, tratamentos poscolleita e almacenado.
 - 4.01.02 Prevención de contaminacións e de tratamentos con produtos non autorizados.
 - 4.01.03 Materiais de envasado.
 - 4.01.04 Transporte.
 - 4.02.- Normas Técnicas para a recolleita de cogomelos silvestres.
 - 4.02.01 Protección das zonas de recolleita e hábitats.
 - 4.02.02 Sistemas de traballo e recolleita.
 - 4.02.03 Delimitación das zonas de recolleita.
 - 4.03.- Normas Técnicas para a recolleita de algas mariñas.
 - 4.03.01. Control documental.
 - 4.03.02. Zonas de recolleita.
 - 4.03.03. Outras consideracións.



1.- OBXECTO

O Consello das Comunidades Europeas aprobou, o 28 de xuño de 2007, o Regulamento N° 834/2007 sobre produción e etiquetado dos produtos ecolóxicos polo que se derroga o Regulamento (CEE) n° 2092/91. El regulamento (CEE) n° 2092/91 queda derrogado a partir do 1 de xaneiro de 2009, sendo aplicable a partir do 1 de xaneiro de 2009 o Regulamento (CE) N° 834/2007.

As disposicións do Regulamento 834/2007 son as normas básicas para a agricultura ecolóxica consensuadas a nivel comunitario. Nel considerando (40) do Regulamento 834/2007 di textualmente: “En espera da adopción de normas comunitarias detalladas de produción para determinadas especies animais e plantas acuáticas e microalgas, convén que os Estados membros podan dispoñer a aplicación de normas nacionais ou, a falta destas, normas privadas aceptadas ou recoñecidas polos Estados membros.”

A normativa europea completase co Regulamento 889/2008 polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) 834/2008 do Consello, sobre produción e etiquetado dos produtos ecolóxicos, con respecto a produción ecolóxica, o seu etiquetado e o seu control. Sen embargo, non se regulan todas as técnicas nin todos os produtos susceptibles de ser obtidos ou utilizados seguindo o sistema de produción agroalimentario ecolóxico.

Por elo, mentres non se establezan as disposicións de aplicación relativas a produción, elaboración, comercialización, etiquetado ou control a nivel comunitario serán de aplicación o presente Caderno de Normas Técnicas ou as normas que se consensúen a nivel estatal.

Os obxectivos destas Normas Técnicas da produción agraria ecolóxica son:

- concretar certos aspectos normativos contemplados polo Regulamento (CE) 834/2007 e o Regulamento (CE) 889/2008 pero que non quedan suficientemente claros e dan pe a interpretacións diferentes.
- establecer la normativa técnica aplicable polos operadores a certas producións e en relación a certos aspectos técnicos non contemplados polo Regulamento (CE) 834/2007.
- axustar a normativa que define o sistema de produción agroalimentaria ecolóxica as características e especificidades propias da Comunidade Autónoma de Galicia.



2.- ALCANCE

O C.R.A.E.G.A. recolle na súa acta do pleno do 28 de marzo d 2008 la aprobación da inclusión na Organización Intereco.

A actual versión do Caderno de Normas Técnicas será de obrigado cumprimento previa aprobación pola Consellería competente en materia de agricultura e aprobación do Pleno do C.R.A.E.G.A. para toda persoa física ou xurídica que interveña na produción, elaboración, importación de países terceiros, almacenado e/ou comercialización dos produtos (en adiante operador) que a continuación se indican, sempre e cando estes produtos leven ou vallan a levar indicacións referentes o método ecolóxico de produción, e ata o momento en que estes produtos estean dispostos para a súa venta final o consumidor nun envase ou recipiente que non permita a súa manipulación:

- a) produtos agrícolas vexetais non transformados;
- b) animais e produtos animais non transformados;
- c) produtos vexetais de recolección silvestre;
- d) produtos vexetais e animais transformados destinados a alimentación humana;
- e) alimentos para animais, pensos compostos e materias primas para a alimentación animal;
- f) material de reprodución vexetativa e sementes para cultivo.

NORMAS TÉCNICAS

NORMAS TÉCNICAS DA PRODUCCIÓN AGRARIA ECOLÓXICA PARA A RECOLLEITA DE PRODUCTOS SILVESTRES.



3.- REFERENCIAS.

- Procedemento Operativo de Calidade 04 “Procedemento de certificación e control”.
- Norma UNE – EN ISO/IEC 17065: “Requisitos para os organismos que certifican produtos, procesos e servizos.
- Caderno Común de Normas Técnicas da Producción Agraria Ecolóxica (Ministerio de Medio Ambiente Rural e Mariño, Intereco).

4.- REALIZACIÓN.

4.01

NORMAS TÉCNICAS PARA A RECOLLEITA DE PLANTAS E FROITAS SILVESTRES

4.01.01 Recolleita, tratamentos poscolleita e almacenado.

4.01.01.01 Para a recolleita, tratamentos poscolleita e almacenado de plantas e froitas de recolleita silvestre aplicaranse, naquelo que corresponda, as normas técnicas xerais para a produción vexetal indicadas no apartado 4.01.02.10 para a colleita, tratamentos poscolleita e almacenado de produtos vexetais producidos nas explotacións agrarias ecolóxicas.

4.01.01.02 Para o control da recolleita de plantas silvestres delimitaranse áreas de superficie non superior a 100 metros cadrados. Nos aproveitamentos destas áreas atenderase os seguintes criterios:

- Non poderán desenraizarse as plantas. O aproveitamento realizarase sempre mediante sega e nunca por arranque ou extracción das matas.
- Non poderán recolleitarse máis da cuarta parte das plantas nas zoas delimitadas.
- Non poderá eliminarse máis da cuarta parte da parte aérea de cada planta.
- A recolección realizarase fora do período reprodutivo das plantas.

4.01.01.03 As recoleccións de froitas silvestres realizaranse de tal xeito que se asegure o máximo respecto o medio ambiente, favorecéndose a rexeneración das zoas de recolleita.

4.01.02 Prevención de contaminacións e do tratamentos con produtos non autorizados.

4.01.02.01 As zoas de recolleita teñen que estar suficientemente afastadas de núcleos de poboación, industrias, estradas, vías de tren, etc. e zoas agrícolas e forestais tratadas con produtos non autorizados en agricultura ecolóxica como para poder ser consideradas zoas libres de contaminación.

NORMAS TÉCNICAS

NORMAS TÉCNICAS DA PRODUCCIÓN AGRARIA ECOLÓXICA PARA A RECOLLEITA DE PRODUCTOS SILVESTRES.



Como orientación utilizaranse as seguintes distancias:

- a máis de 100 m. de autopistas e estradas con elevada densidade de tráfico;
- a máis de 20 m. do resto de estradas;
- a máis de 5 m. de pistas forestais;
- a máis de 50 m. de zoas agrícolas tratadas con produtos non autorizados;
- a máis de 50 m. de zoas forestais tratadas con produtos non autorizados.

4.01.02.02 Os operadores responsables das unidades de recolleita teñen que notificar a Autoridade de Control calquera contaminación das zoas de recolleita orixinada pola aplicación de produtos non autorizados en agricultura ecolóxica (por exemplo, causada por tratamentos aéreos contra pragas forestais) ou por outras causas. Os produtos de recolleita nestas zoas non se poderán comercializar usando as indicacións reservadas o método de produción ecolóxico.

4.01.03 Materiais de envasado.

4.01.03.01 Para o envasado de produtos de recolleita silvestre aplicaranse, naquelo que corresponda, as normas técnicas xerais para a produción vexetal indicadas no apartado 4.01.02.11 para materiais de envasado de produtos vexetais producidos en explotacións agrarias ecolóxicas.

4.01.04 Transporte.

4.01.04.01 Para o transporte de produtos de recolleita silvestres aplicaranse, naquelo que corresponda, as normas técnicas xerais para a produción vexetal indicadas no apartado 4.01.02.12 para o transporte de produtos vexetais producidos en explotacións agrarias ecolóxicas.

4.02.

NORMAS TÉCNICAS PARA A RECOLLEITA DE COGOMELOS SILVESTRES.

4.02.01 Protección das poboacións e hábitats.

4.02.01.01. Na recolleita de cogomelos silvestres e co fin de non poñer en perigo as distintas especies micolóxicas nin alterar os hábitats en que se asentan nin as funcións ecolóxicas nas que interveñen quedan expresamente prohibidas as seguintes prácticas:

- Remove-lo solo de tal xeito que a capa superficial do mesmo se vexa alterada, ben sexa manualmente ou utilizando calquera tipo de ferramenta
- Usar calquera ferramenta apta para o levantamento do humus, tales como fouces, fouciños, anciños, angazos, sachos ou calquera outra que altere a parte vexetativa do fungo.



- Recolleitar aquelas especies que o Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica ou a autoridade administrativa competente da Comunidade Autónoma limite.

4.02.01.02 Débense respectar os exemplares pasados, rotos ou alterados, polo seu valor para a expansión da especie, así como aqueles que non sexan motivo da recolección, é dicir, non se poderá alterar, extraer ou destruír ningún exemplar que non sexa obxecto de recollida. Para a determinación dos tamaños axeitados de casa especie empregaranse as normas de calidade para as setas comestibles (orde de 12 de marzo de 1984), especialmente o recollido nos puntos 4, 5 e 6.

4.02.01.03 No caso das especies de cogomelos que se atopen en agrupacións, non se extraerán aqueles exemplares máis novos nin os máis vellos, de tal xeito que quede unha mostra representativa da agrupación.

4.02.02 Sistemas de traballo e recolleita

4.02.02.01 Os sistemas e recipientes escollidos polas persoas que fan a recolleita para o traslado e almacenamento dos cogomelos dentro dos montes de onde procedan, deberán permitir a súa aireación e especialmente a caída ó exterior das esporas a fin de favorecer a dispersión dos fungos

4.02.02.02 Prohíbese a recollida durante a noite.

4.02.02.03 É especialmente importante que os cogomelos sexan recollidos completos sen alterar o substrato sobre o que se asentán. Sempre que sexa posible, evitárase cortar o pe do cogomelo xa que é unha vía de penetración de axentes patóxenos no fungo.

4.02.02.04 Cada operador deberá cumprimentar o volante de circulación ó remate da recolleita. Os intermediarios ou empresas transformadoras esixirán o volante de circulación ó operador e o Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica poderá esixir a súa vez os volantes correspondentes ás empresas transformadoras. Caso de non ter o volante cumprimentado ou que esta teña algún tipo de erro ou leve a confusión rexeitarase a partida correspondente.

4.02.02.05. En todo momento serán observadas as normas e lexislación vixente que lle poda afectar a esta actividade.

4.02.03.- Delimitación das zonas de recollida.

4.02.03.01. Os operadores delimitarán as zonas de recollida dos cogomelos nun plano de escala suficiente que permita identificar a totalidade da zona. Ademais acreditarán a autorización para o aproveitamento das zonas referidas.

4.02.03.02 Non se admitirá a recolleita de cogomelos nunha banda de trescentos metros a ambos lados de calquera vía de comunicación, estrada ou autoestrada, con altos niveis de tráfico (estradas nacionais, autovías e autopistas e estradas de alto tráfico próximas a cidades). Para estradas e vías de comunicación

NORMAS TÉCNICAS

NORMAS TÉCNICAS DA PRODUCCIÓN AGRARIA ECOLÓXICA PARA A RECOLLEITA DE PRODUCTOS SILVESTRES.



locais con intensidade de tráfico baixo, esta banda reducirase ata os cincuenta metros. No caso de existir barreiras naturais, tales como bosques, sebes, etc., as distancias poderíanse reducir máis.

4.02.03.03 Non se admitirán a recolleita de cogomelos nunha banda inferior a un quilómetro ó redor do perímetro de cidades e grandes vilas así como de polígonos industriais e/ou centros industriais e instalacións fabrís.

4.02.03.04 Non se recollerán cogomelos nun radio dun quilómetro do límite de plantas incineradoras e vertedoiros de lixo

4.03

NORMAS TÉCNICAS PARA A RECOLLEITA DE ALGAS MARIÑAS.

4.03.01. Control documental

4.03.01.01. O operador entregaralle ó CRAEGA o plan de explotación de algas mariñas, así como a notificación da Dirección Xeral de Recursos Mariños da Consellería do Mar sobre dito plan, con anterioridade a cada campaña de extracción de algas.

4.03.01.02. Deberán ser remitidas o CRAEGA copia das solicitudes de apertura mensual e as notificacións da Dirección Xeral de Recursos Mariños da Consellería do Mar referidas as mesmas, nun prazo máximo de 15 días.

4.03.01.03. Cando unha partida de algas entre nas instalacións do operador e non proceda do traballo das persoas autorizadas no plan de explotación do operador, deberá vir acompañada do correspondente volante de circulación que acredite a natureza ecolóxica das mesmas.

4.03.02. Zonas de recollida

4.03.02.01. As zonas de recollida delimitaranse coas coordenadas cartográficas e acreditarase que a calidade das augas desas zonas cumpren co estipulado no artigo 13 a) do Regulamento (CE) nº 834/2007.

4.03.03. Outras consideracións:

4.03.03.01. As consideración que figuren na notificación da Dirección Xeral de Recursos Mariños da Consellería do Mar sobre dito plan serán cumpridas polo operador durante a mesma campaña.